Protección Civil de Cangas ven de recibir novo material a través dunha subvención recibida de la Deputación de Pontevedra.

Esta subvención por un importe de 4289,45 euros adquiriuse o seguinte material:

- 10 EPI´S para traballos a intemperie composto por pantalón e anorack hidrófugo de alta visibilidade e botas de auga reforzadas que veñen a substituír material que estaba moi deteriorado e que xa non cumplia as súas funcións.

- Padiola nido con unidade de flotación para rescates tanto no mar como en terreos de difícil acceso. Este equipamento vai a substituír ao que hai na actualidade e que foi mercado no ano 1998 e que mellora substancialmente a anterior xa que se reduce o seu peso ata os 13 kgr co que facilita o transporte e manexo de la mesma. Tamén conta con un colchón adaptado así como con arneses e cinchas.

- Padiola de palas para mobilización de vítimas en accidentes de tráfico que tamén substitúe á actual que se mercou no ano 1999.

Todo este equipamento sirve para que Protección Civil de Cangas de un novo salto no equipamento para así poder prestar una mellor atención tanto a los cidadáns de Cangas como ás persoas que nos visitan.